


# plan de fixación de poboación en Cuntis

análise e propostas para axudar a reverter o problema demográfico


Veciñanza, 2017




## CONTEXTO

A crise demográfica que padece o noso País incide con intensidade en Cuntis. Todas os motivos que a explican agrávanse no caso do noso municipio, inserido nunha comarca rural cun tecido industrial feble, co sector primario maltreito e cun sector servizos que malamente pode suplir as dificultades. Cuntis vén padecendo nos últimos anos unha decadencia poboacional moi notable. A estrutura demográfica caracterízase ademais polo avellentamento, e o asentamento no territorio ten como principal sinal de identidade a dispersión e o despoboamento do rural. Todas elas son características comúns ás do resto da comarca e ás máis próximas, pero o descenso de poboación tan acentuado que padecemos fai pensar que a situación é moi preocupante. A total carencia de alternativas e mesmo a total ausencia desta cuestión entre as prioridades reais avalan os motivos para a inquedanza.

Cuntis ten, segundo os últimos datos publicados polo IGE, unha poboación total de 4794 persoas.



No ano 2012, Cuntis perde a condición de concello de máis de 5000 habitantes, o que supón a caída no rango municipal no que se atopaba. Estas cifras teñen o seu reflexo dun modo especialmente preocupante se nos fixamos no descenso continuado de alumnos que vén padecendo o colexio público CPI Don Aurelio, así como os sucesivos peches das escolas unitarias, das que unicamente se mantén a da Gándara.



Se tivéssemos que sinalar os principais factores que explican a situación que acabamos de describir poderíamos salientar especialmente tres.

### EMPREGO

A media de idade en Cuntis sitúase arredor dos 50 anos, e a taxa de paro oscila en torno ao 20% segundo cifras oficiais. Estes dous datos poden servir de contexto para sinalar a principal dificultade de Cuntis nesta materia. A non regulación do Polígono Industrial da Ran fan que se resintan gravemente as posibilidades de vivir e traballar en Cuntis. O sector industrial perdeu boa parte do seu peso específico, así como o agrogandeiro, e deu paso ao feble liderado do sector servizos como motor económico do

municipio.

O potencial turístico de Cuntis ofrece un importante abano de posibilidades, pero cómpre unha aposta decidida polo seu desenvolvemento. Isto require de investimentos e dun plan a medio prazo que implique a todos os axentes con posibilidades de aportar. O curtopracismo e a improvisación non fan máis que dificultar a implantación dunha estratexia.

No referido ao Polígono Industrial da Ran, Cuntis non pode aceptar a marxinación e a discriminación das institucións en comparación con outros casos semellantes nos que si existiu investimento público doutras administracións (Deputación e Xunta, fundamentalmente).

A inseguridade xurídica impide o asentamento de novas industrias, e as posibilidades de traballar en Cuntis minguan gravemente. Dito isto, non é necesario afondar na relación que na nosa sociedade existe hoxe en día entre o lugar de traballo e o de residencia, máis aínda se temos en conta a lamentable situación do transporte público.

### SERVIZOS SOCIAIS

Uns servizos sociais de calidade son o outro piar sobre o que soste a aposta polo desenvolvemento demográfico en Cuntis. Resulta inescusable a referencia ao Centro de Día, edificio construído no ano 2008 e que segue sen estar en servizo. Se naquel momento estas instalacións comezaran a funcionar hoxe Cuntis podería ser o centro comarcal da prestación deste servizo.

Para a infancia, é de xustiza valorar a importancia do programa Cuntilín, orientado á conciliación familiar. A súa optimización pasa por ampliar a súa oferta e reforzalo como un eixo claro de futuro.

As campañas de axuda á natalidade que se insinúan nos Orzamentos Municipais deben ser abordadas dende o rigor e non unicamente dende a propaganda. A súa dotación económica debe responder ás estatísticas que nos indican o número de nacementos que se veñen producindo en Cuntis nos últimos anos e ao tempo orientan da cantidade necesaria. Lanzar unha proposta insuficientemente rebela a fragilidade da aposta por esta importante opción.

### PXOM

A carencia dun plan de ordenamento urbanístico vén lastrando as posibilidades de futuro nos últimos anos en Cuntis. A incerteza á hora de construír afasta as posibilidades de moitas familias de instalarse tanto no casco urbano como no rural. É imprescindible a entrada en vigor dun documento elemental como é o PXOM que estableza os usos do solo e delimite as posibilidades nesta área.

# MEDIDAS A DESENVOLVER

Buscar as marxes de progreso no panorama que describimos implica afrontar cada unha das carencias e situalas en primeiro plano, sendo conscientes de que moitas delas teñen aínda por diante un percorrido máis longo do que nos gustaría. Nunha primeira ollada debemos situar aquelas medidas que podemos considerar de 'medio prazo', ou ben porque requiren un investimento importante ou ben porque precisan dunha estratexia que vai máis alá do inmediato. Sinalamos algunhas delas:

- **Regularización do Polígono Industrial da Ran**

Regularizar a situación dos terreos da Ran, tanto para garantir a situación das empresas xa instaladas como para crear posibilidades de atraer outras industrias, resulta indispensable para xerar emprego industrial en Cuntis. A fixación de poboación no noso municipio vai ligada, en boa medida, ás capacidades de creación de postos de traballo. Reverter polo tanto a actual situación preséntase como unha necesidade inescusable neste sentido. Ademais da creación de emprego directo, o impacto económico que tería no comercio local de Cuntis sería igualmente un revulsivo para a economía local.

- **Potenciamento do sector turístico**

Cuntis presenta o maior potencial turístico da comarca. A articulación da súa oferta é un punto de partida urxente e o desenvolvemento do sector ten un importante potencial para a creación de emprego. O sector servizos que pode medrar da man do desenvolvemento turístico en Cuntis ten capacidade para darlle un impulso definitivo á nosa vila. Neste sentido, unha das consecuencias inmediatas sería a consolidación de Cuntis como lugar para vivir e traballar. Mellorar as posibilidades de abrir negocios ligados ao sector en Cuntis é unha vía para procurar asentamento poboacional.

- **Desenvolvemento do PXOM**

A planificación e a ordenación urbanística é outra das necesidades históricas da nosa vila. As posibilidades de construír tanto vivenda familiar como doutro tipo consolidaríanse ao contar cun documento como o PXOM. Resulta evidente que esta é unha das condicións indispensables para ofrecer pensar en fixar poboación no noso municipio.

- **Posta en servizo do Centro de Día**

A posta en servizo do Centro de Día é un dos piares necesarios para podermos falar duns servizos sociais de calidade. Cunhas instalacións dispostas para entrar en funcionamento e nun municipio cunha poboación avellentada como é o noso, os servizos de calidade orientados á terceira idade son importantes para a mellora das condicións de vida dos veciños e veciñas de Cuntis.

- **Reforzo do Programa Cuntilín**

O programa de conciliación familiar Cuntilín pasa por ser un dos eixos fundamentais das políticas sociais. A aposta decidida por este programa e o reforzamento orzamentario do mesmo, así como a mellora da súa oferta (prazas, actividades, etc.) é un paso determinante para avanzar na dirección adecuada.

# PROPOSTAS DE ACCIÓN INMEDIATA

Ao tempo que activan medidas para sementar condicións e obter resultados a medio prazo é necesario adoptar dende xa outras que repercutan no inmediato. As propostas que se citan a seguir son perfectamente aplicables cun mínimo de vontade política. Requiren algunhas partidas orzamentarias que suporían, en Cuntis, priorizar as carencias que estamos a tratar sobre outras que nestes momentos teñen máis presenza. Algunhas propostas son as seguintes:

- **Reforzo dos servizos de transporte**

O novo Plan de Transporte da Xunta xerou un elevado grao de confusión e non contribúe en absoluto á solución do problema. Neste sentido, as capacidades de influencia da administración local son limitadas. Malia isto, onde si pode actuar o Concello de Cuntis é na proposta de solucións alternativas que procuren unha articulación interna que “achegue” as aldeas ao centro da vila, que impulse a compra no comercio local e que facilite o acceso aos servizos que fisicamente se atopan no casco urbano. Algunhas das posibilidades pasan pola procura de convenios co sector do taxi, pero é unha aposta que require unha solución decidida.

- **Axudas á natalidade**

As axudas á natalidade deben ser froito do rigor e non de ocorrencias incompletas. O empadroamento no noso concello e a decisión de pensar un futuro en Cuntis debe ser incentivada mediante este tipo de axudas, dotando orzamentariamente esta aposta e difundíndoa con seriedade. Debe facer parte, en todo caso, dunha verdadeira campaña de fixación da poboación máis ampla e ambiciosa. Cumprirá introducir criterios de progresividade e de priorización das familias con maiores dificultades.

- **Bonificacións fiscais por empadroamento**

As bonificacións fiscais por empadroamento poden ser un dos atractivos que motiven a fixación de poboación. A repercusión económica que tería nos ingresos municipais debe ser compensada cunha fiscalidade progresiva que manteña o equilibrio nas contas. Os recibos de suministros básicos poden ser obxecto de axuda municipal

- **Axudas ao alugueiro**

As posibilidades de vivir en Cuntis en réxime de alugueiro resultan inaccesibles para moitos/as mozos/as debido aos altos prezos. As axudas para incentivar esta opción deben ser coidadosas para evitar un efecto burbulla que distorsionaría a intención orixinal e da que tan só se beneficiarían os/as arrendadores/as.

- **Articulación da oferta cultural, deportiva e de lecer e vantaxes na mesma**

É necesario articular a rica e variada oferta cultural, deportiva e de lecer que ofrece Cuntis, especialmente a do tecido asociativo e demais entidades que dinamizan todos os sectores. A consolidación deste obxectivo debe vir da man de vantaxes de diverso tipo para veciños e veciñas de Cuntis, tendo sempre presente a prioridade de familias e persoas en situacións máis delicadas.

- **Axudas a material escolar a todos os niveis (incluíndo o universitario)**

O material escolar é un dos gastos máis significativos na infancia e na xuventude en todos os niveis educativos. Axudas municipais neste apartado conformarían un reforzo importante das políticas sociais orientadas ás idades máis novas.